



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

Resolución do 2 de marzo de 2021, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de "Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa IMD mellorada, treito 0+000-9+400" de clave LU/16/075.10.1, nos concellos de Friol e Palas de Rei.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento legislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

Con data 15 de decembro de 2020, a Axencia Galega de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto de construción de "Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa IMD mellorada, treito 0+000-9+400" de clave LU/16/075.10.1.

Con data 29 de decembro de 2020, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de "Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa IMD mellorada, treito 0+000-9+400" de clave LU/16/075.10.1, nos concellos de Friol e Palas de Rei, polo Decreto 237/2020, publicado no Diario Oficial de Galicia con data do 14 de xaneiro de 2021.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Friol e Palas de Rei, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 15 de abril de 2021, das 8.30 ás 14.30 horas.

De: Abel Varela Avelino José a Fernández Lamela Fé

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 16 de abril de 2021, das 8.30 ás 14.30 horas.

De: Fraga Corredoira José Ramón a Moreno Sieiro Fidel

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 19 de abril de 2021, das 8.30 ás 14.30 horas.

De: MVMC de Condes (San Martiño) a Rebolo Franco María del Carmen

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 20 de abril de 2021, das 8.30 ás 13.10 horas.

De: Rebolo Iglesias José a Vizcaíno Río José Manuel

Concello de Palas de Rei.

Lugar: salón de plenos do Concello de Palas de Rei.

Data: 21 de abril de 2021, das 8.30 ás 13.00 horas.

De: Alvite Villar Josefa a Vidal Vidal Jesús

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos nos concellos de Friol e Palas de Rei e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo ( Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicárase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso\\_0247.html](https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0247.html)

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 5 de xullo de 2021, das 8.30 ás 14.30 horas.

De: Abel Varela Avelino José a Iglesias Espiñeira José Manuel

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 6 de xullo de 2021, das 8.30 ás 14.30 horas.

De: Iglesias Prado José Luis a Núñez Cobas Jesús Eduardo

Concello de Friol.

Lugar: salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Data: 7 de xullo de 2021, das 8.30 ás 13.30 horas.

De: Núñez Cobas José Angel a Vizcaíno Río José Manuel

Concello de Palas de Rei.

Lugar: salón de plenos do Concello de Palas de Rei.

Data: 8 de xullo de 2021, das 9.00 ás 12.00 horas.

De: Alvite Villar Josefa a Vidal Vidal Jesús

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo

achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención recollidas no anexo da Resolución do 12 de xuño de 2020 e posteriores modificacións, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

En todo caso, é necesario pór en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e a hora fixadas para a celebración do acto ou, no caso de concorreren motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente a prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para este, logo de cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. Para tales efectos, establécese a obriga de asistir ao acto provisto de máscara de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria. Porén, a Administración facilitará a máscara no caso de que os expropiados non dispoñan dela.
- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para realizar o trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37º) ou síntomas de problemas respiratorios.

Lugo, 2 de marzo de 2021.- Gerardo Pallares Sánchez, Xefe do Servizo Provincial de Lugo.

R. 0634

## XEFACTURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

### *Anuncio*

Resolución do 2 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública dunha instalación eléctrica no concello de Baleira (exp. 2020/36-AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE núm. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica.

Denominación: regulamentación LMTA BCR803- apoio N.º 59-70-64-3

Solicitante: UFD Distribución Electricidad SA

Domicilio social: Avda San Luis, 77, 28033 Madrid

Características técnicas principais:

- Substitución dos apoios de formigón existentes nº 59-70-64-3 e 59-70-64-4 da LMT BCR803 por novos apoios de celosía metálicos de tipo C-16/1000, retensando os condutores existentes de tipo LA-56 sobre os apoios proxectados.
- Substitución do condutor existente do vano entre o apoio nº 59-70-64-4 e o CT 27AJ24 Reboleira, cunha lonxitude de 59 metros, por condutor de tipo LA-56.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 56 da citada lei 24/2013, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (BOE núm. 351, de 17 de decembro)

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de **vinte días** hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta xefatura territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160 do 27 de xuño)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 2 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo

ANEXO PROXECTO: regulamentación LMTA BCR803- apoio Nº 59-70-64-3

CONCELLO: Baleira

EXPEDIENTE: 2020/36 AT

Nº de predio	Propietario	Parcela				Afección			
	Nome e Apellidos	Datos catastrais		Paraxe	Cultivo	Apoio		Voo	
		Políg.	Parc.			Nº	Superficie (m2)	Lonxitude (m)	Superficie (m2)
1	Descoñecido	88	562	Carballal	Monte Baixo	59-70-64-3	2		

R. 635

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 08/03/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2021 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/05/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de marzo de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0636

**BÓVEDA***Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2021, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis do Concello de Bóveda.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 12 de marzo do 2020.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0670

*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2021, acordou a aprobación provisional da ORDENANZA FISCAL Nº.5 REGULADORA DA TAXA SOBRE A EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS DOS QUE COÑEZA A ADMINISTRACIÓN OU AUTORIDADES MUNICIPAIS do Concello de Bóveda (Lugo).

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 12 de marzo do 202.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0671

**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 10 de marzo de 2021 o Orzamento municipal para o exercicio 2021, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O devandito documento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 11 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0653

**GUITIRIZ***Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xaneiro de 2021, que comprende un total de 22 recibos por un importe de 685,00 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondentes ao mes de xaneiro de 2021, terá lugar dende o día 2/03/2021 ao 2/05/2021 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0637

**LOURENZÁ***Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. FEBREIRO 2021****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 04 de marzo de 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Febreiro de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de dous mil oitocentos setenta e seis euros con noventa e cinco céntimos de euro ( 2.876,95€) , dos que dous mil trescentos oitenta e nove euros con corenta e cinco céntimos de euro (2.389,45€) correspondente a dependencia , e catrocentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos de euro ( 487,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0639

## **LUGO**

### *Anuncio*

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo 18/690 Resolución de alegacións e aprobación definitiva do "Proxecto de expropiación forzosa dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a glorieta de Albeiros e a intersección desta vía coa avenida de Paulo Fabio Máximo", adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2020, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- Resolver as alegacións formuladas no período de exposición pública e notificacións individuais do "Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a glorieta de Albeiros e a intersección desta vía coa avenida de Paulo Fabio Máximo", elaborado pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), de conformidade cos informes emitidos polo arquitecto de EVISLUSA de 16 de novembro de 2020 e polo Servizo de Enxeñaría municipal de 20 de novembro de 2020, segundo o detalle que a continuación se relaciona:

1) Estimar a alegación presentada por dona María Amalia Ribadas López, no sentido de rectificar o domicilio de don Francisco José Ribadas López, e de don José María e don Dionisio Ribadas Alarcón, titulares das parcelas 12-R e 12-OT do referido expediente, tanto no Proxecto de expropiación coma nas correspondentes follas de valoración.

2) Desestimar a alegación presentada por dona Elvira Núñez Pardiño, dona Macarena e dona María Teresa Cuiña Núñez, dona María Victoria Cotarelo Álvarez, dona María Victoria e dona Rocío Cuiña Cotarelo, titulares das parcelas 30-R, 30-OT, 41-R e 41-OT do referido expediente.

3) Estimar en parte as alegacións presentada por dona María Elisa Fernández García e dona Cristina Fernández Sánchez, titulares das parcelas 31-R e 31-OT do referido expediente, no sentido de incluír a instalación eléctrica, un interruptor e un timbre, así como rectificar tanto a descrición do muro existente nas parcelas 31-R e 31-OT, que pasan a detallarse como "3,70ml de peche de chantos" e "2,70ml de peche de chantos" respectivamente; como a das árbores froiteiras que pasan a detallarse como "árbores frutais 15-20 anos valor 300,00€/unidade", tanto no Proxecto como nas correspondentes follas de valoración; con unha valoración total dos bens a expropiar ascendente a 5.501,73€ e unha valoración total da superficie de ocupación temporal e bens a expropiar por esa ocupación temporal ascendente a 1691,61€.

Desestimar, en consecuencia, as restantes alegacións formuladas polas interesadas por resultar improcedentes e contrarias a fundamentación na que se basea o presente procedemento segundo o contido do mesmo anteriormente exposto.

4) Desestimar a alegación presentada por don José Antonio Fernández Vázquez, con data do 12 de agosto de 2020, e número de rexistro 20200000035130, tendo en conta, ademais, o escrito de alegacións e documentación aportada por dona Cristina Fernández Sánchez e dona María Elisa Fernández García de 5 de novembro de 2020.

5) Desestimar as alegacións presentadas por don Jesús Mouriz Cereijo, no seu propio nome e dereito e en representación de dona Dolores María Luisa Cereijo Díaz, dona Emma María, don Manuel e dona María Dolores Mouriz Cereijo, titulares das parcelas 20-R, 20-OT e 29-R.

6) Estimar parcialmente as alegacións presentadas por don Luis Blanco Méndez, no sentido de rectificar tanto a titularidade das parcelas 34-R e 34-OT, pasando a figurar como titular das mesmas don Luis Blanco Méndez; coma

a superficie da parcela afectada pola expropiación forzosa, parcela 34-R, pasando a figurar con 100,01m<sup>2</sup>, tanto no Proxecto como nas correspondentes follas de valoración; con unha valoración total dos bens a expropiar ascendente a 3.528,35€

Desestimar, en consecuencia, as restantes alegacións formuladas polo interesado por resultar improcedentes e contrarias a fundamentación na que se basea o presente procedemento segundo o contido do mesmo anteriormente exposto.

7) Estimar parcialmente as alegacións presentadas por don Pedro Rodríguez Lamas, titular da parcela 21-R e 21-OT, no sentido de rectificar tanto o erro de transcripción da superficie obxecto de expropiación da parcela 21-R, sendo esta de 108,69m<sup>2</sup>; coma a descrición dos bens expropiados e unidades métricas utilizadas, tanto dos bens obxecto de expropiación (21-R): unidade de entrada a parcela incluída a canle, muro de bloque de cemento gris 6,66m<sup>2</sup>, muro de bloque de acabado especial 30,40m<sup>2</sup>, peche metálico entre pilastras 24,00m<sup>2</sup>, portas metálicas de entrada á parcela 12,32m<sup>2</sup>, como nos bens obxecto de expropiación por ocupación temporal (21-OT): muro de bloque de cemento gris 21,34m<sup>2</sup>; tanto no Proxecto como nas correspondentes follas de valoración; con unha valoración total dos bens a expropiar ascendente a 7.964,72€ e cunha valoración da superficie de ocupación temporal e dos bens a expropiar por esa ocupación temporal ascendente a 1606,16€.

Desestimar, en consecuencia, as restantes alegacións formuladas polo interesado por resultar improcedentes e contrarias a fundamentación na que se basea o presente procedemento segundo o contido do mesmo anteriormente exposto.

8) Estimar parcialmente as alegacións presentadas por don José Antonio Fernández Vázquez, con data do 29 de setembro de 2020 e número de rexistro 20200000048006, titular das parcelas 27-R e 27-OT, no sentido de incluír a instalación eléctrica do portal así como rectificar a descrición do muro existente e unidades métricas empregadas, tanto nos bens obxecto de expropiación (27-R): muro de bloque de acabado especial 3,37m<sup>2</sup>, peche metálico 1,10m<sup>2</sup>, porta metálica 6,38m<sup>2</sup>, coma nos bens obxecto de expropiación por ocupación temporal (27-OT): muro de bloque de acabado especial 7,75m<sup>2</sup> e peche metálico 1,22m<sup>2</sup>; tanto no proxecto como nas follas de valoración; con unha valoración total dos bens a expropiar ascendente a 1.301,02€ e cunha valoración da superficie de ocupación temporal e dos bens a expropiar por esa ocupación temporal ascendente a 406,18€.

Desestimar, en consecuencia, as restantes alegacións formuladas polo interesado por resultar improcedentes e contrarias a fundamentación na que se basea o presente procedemento segundo o contido do mesmo anteriormente exposto.

9) Estimar a alegación presentada por dona Esperanza Blanco Fariñas, pasando a figurar no Proxecto, como titular da parcela 34-R e 34-OT, don Luis Blanco Méndez.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente relativo ao “Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a glorieta de Albeiros e a intersección desta vía coa avenida de Paulo Fabio Máximo” elaborado pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), de acordo coa anterior resolución das alegacións presentadas, conforme aos informes do arquitecto de EVISLUSA do 16 de novembro de 2020, e do Servizo de Enxeñería do 20 de novembro de 2020, significando que:

a) A superficie total obxecto de expropiación forzosa ascende a 2.845,96m<sup>2</sup>, cunha valoración total dos bens e dereitos afectados ascendente a 115.219,16 euros.

b) A superficie total obxecto de ocupación temporal ascende a 2.662,65 m<sup>2</sup>, cunha valoración total ascendente a 17.893,01 euros e cunha valoración de bens para expropiar por esta ocupación temporal ascendente a 3.190,06 euros.

Estas tres cantidades supoñen un custo total contemplado neste proxecto expropiatorio de 136.302,23 euros.

En consecuencia, a relación de afectados polo presente proxecto de expropiación forzosa de acordo con esta aprobación definitiva é a seguinte:

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
0-R	MINISTERIO OBRAS PÚBLICAS Y TRANSPORTES	296,65 m <sup>2</sup>	10.465,81 €
6-R	MINISTERIO OBRAS PÚBLICAS Y TRANSPORTES	73,35 m <sup>2</sup>	2.587,79 €
7-R	CONCEPCIÓN ARMESTO MOURIZ	81,41 m <sup>2</sup>	2.872,14 €
8-R	MARÍA DEL CARMEN ESTEBO MATO	50,00 m <sup>2</sup>	1.764,00 €
9-R	MARÍA DEL CARMEN ESTEBO MATO	57,02 m <sup>2</sup>	2.427,78 €
10-R	CONCEPCIÓN ARMESTO MOURIZ	121,35 m <sup>2</sup>	4.828,48 €
11-R	ALFONSO RIBADAS BELLO	44,38 m <sup>2</sup>	1.565,73 €



PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
12-R	ALFONSO RIBADAS BELLO CARLOS RIBADAS ALARCÓN DIONISIO EMILIO RIBADAS ALARCÓN EMILIANO G RIBADAS ALARCÓN FRANCISCO JOSÉ RIBADAS LÓPEZ JOSÉ MARÍA RIBADAS ALARCÓN MARÍA AMALIA RIBADAS LÓPEZ MARÍA DOLORES RIBADAS ALARCÓN	252,30 m <sup>2</sup>	8.901,14 €
13-R	GERARDO ANTONIO LOMBAO MOURIZ	123,65 m <sup>2</sup>	4.362,37 €
14-R	MANUELA CONSUELO TRASEIRA RIVAS	17,80 m <sup>2</sup>	627,98 €
15-R	MANUELA CONSUELO TRASEIRA RIVAS	42,49 m <sup>2</sup>	1.499,05 €
16-R	ÁNGEL LÓPEZ ROMAY	214,26 m <sup>2</sup>	7.559,09 €
18-R	JOSEFA LAMAS SANTOS ÁNGEL VÁZQUEZ PEREIRA	194,41 m <sup>2</sup>	6.858,78 €
20-R	DOLORES MARÍA LUISA CEREIJO DÍAZ EMMA MARÍA MOURIZ CEREIJO JESÚS MOURIZ CEREIJO MANUEL MOURIZ CEREIJO MARÍA DOLORES MOURIZ CEREIJO	270,28 m <sup>2</sup>	9.535,48 €
21-R	PEDRO RODRÍGUEZ LAMAS	108,69 m <sup>2</sup>	7.964,72 €
22-R	JOSÉ FÓRNEAS ROCHA MARÍA FELICIDAD FÓRNEAS ROCHA	142,47 m <sup>2</sup>	9.611,10 €
23-R	JOSEFA LAMAS SANTOS ÁNGEL VÁZQUEZ PEREIRA	82,27 m <sup>2</sup>	2.902,49 €
24-R	ÁNGEL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ DOLORES MARÍA ÁLVAREZ VEIGA	135,84 m <sup>2</sup>	4.792,44 €

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
	HILDA VÁZQUEZ MÉNDEZ ISOLINA MÉNDEZ FERNÁNDEZ JOSÉ LUIS VÁZQUEZ YUGUEROS JOSÉ RAÚL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ M CARMEN VÁZQUEZ ÁLVAREZ M SOLEDAD FERNÁNDEZ AMADO ROSA MARÍA VÁZQUEZ ÁLVAREZ ROSA MARÍA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ ROSA MARÍA VÁZQUEZ MÉNDEZ		
26-R	MANUEL REGO MAMOA PILAR REGO MAMOA	4,43 m <sup>2</sup>	156,29 €
27-R	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ ROSA IRENA DÍAZ MAYOR M FELICIDAD VÁZQUEZ CASTRO	3,56 m <sup>2</sup>	1.301,02 €
28-R	HERDEIROS ÁNGEL A VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MANUEL VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MARÍA LUISA VÁZQUEZ DÍAZ JOSÉ ANTONIO NAVARRO VÁZQUEZ LUIS MIGUEL NAVARRO VÁZQUEZ MARÍA CARMEN VÁZQUEZ DÍAZ MARÍA DEL PILAR VÁZQUEZ DÍAZ	139,06 m <sup>2</sup>	4.906,04 €

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
	MERCEDES VÁZQUEZ DÍAZ		
29-R	DOLORES MARÍA LUISA CEREJO DÍAZ EMMA MARÍA MOURIZ CEREJO JESÚS MOURIZ CEREJO MANUEL MOURIZ CEREJO MARÍA DOLORES MOURIZ CEREJO	6,45 m <sup>2</sup>	227,56 €
30-R	ELVIRA NÚÑEZ PARDIÑO MACARENA CUIÑA NÚÑEZ MARÍA TERESA CUIÑA NÚÑEZ MARÍA VICTORIA COTARELO ÁLVAREZ MARÍA VICTORIA CUIÑA COTARELO ROCÍO CUIÑA COTARELO	90,68 m <sup>2</sup>	3.199,19 €
31-R	CRISTINA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ MARÍA ELISA FERNÁNDEZ GARCÍA	43,70 m <sup>2</sup>	5.501,73 €
32-R	EMILIA SOUTO VÁZQUEZ	41,02 m <sup>2</sup>	1.447,19 €
33-R	JOSÉ FÓRNEAS ROCHA MARÍA FELICIDAD FÓRNEAS ROCHA	18,38 m <sup>2</sup>	648,45 €
34-R	LUIS BLANCO MÉNDEZ	100,01 m <sup>2</sup>	3.528,35 €
35-R	JOSÉ TORRES VILLAR MARÍA CARMEN OTERO SUÁREZ	9,99 m <sup>2</sup>	352,45 €
36-R	CARMEN BURGO FERNÁNDEZ JESÚS PENA BURGO	56,60 m <sup>2</sup>	1.996,85 €

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN	VALORACIÓN EXPROPIACIÓN
	MARÍA JOSEFA PENA BURGO		
37-R	MANUEL REGO MAMOA PILAR REGO MAMOA	6,26 m <sup>2</sup>	220,85 €
39-R	HERDEIROS ÁNGEL A VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MANUEL VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MARÍA LUISA VÁZQUEZ DÍAZ JOSÉ ANTONIO NAVARRO VÁZQUEZ LUIS MIGUEL NAVARRO VÁZQUEZ MARÍA CARMEN VÁZQUEZ DÍAZ MARÍA DEL PILAR VÁZQUEZ DÍAZ MERCEDES VÁZQUEZ DÍAZ	15,18 m <sup>2</sup>	535,55 €
41-R	ELVIRA NÚÑEZ PARDIÑO MACARENA CUIÑA NÚÑEZ MARÍA TERESA CUIÑA NÚÑEZ MARÍA VICTORIA COTARELO ÁLVAREZ MARÍA VICTORIA CUIÑA COTARELO ROCÍO CUIÑA COTARELO	2,02 m <sup>2</sup>	71,27 €
<b>TOTAL</b>		<b>2845,96 m<sup>2</sup></b>	<b>115.219,16 €</b>

En consecuencia, a relación de afectados pola ocupación temporal do presente proxecto de expropiación forzosa de acordo con esta aprobación definitiva é a seguinte:

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE OCUP. TEMP	VALORACIÓN BENS EXPR. OCUP. TEMP	VALORACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL
0-OT	MINISTERIO OBRAS PÚBLICAS Y TRANSPORTES	144,27 m <sup>2</sup>	0,00 €	969,49 €
2-OT	JESÚS ÁNGEL NÚÑEZ RIVAS MARÍA CARMEN CARBALLO SÁNCHEZ	44,91 m <sup>2</sup>	0,00 €	301,80 €

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE OCUP. TEMP	VALORACIÓN BENS EXPR. OCUP. TEMP	VALORACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL
6-OT	MINISTERIO OBRAS PÚBLICAS Y TRANSPORTES	7,82 m <sup>2</sup>	0,00 €	52,55 €
7-OT	CONCEPCIÓN ARMESTO MOURIZ	140,17 m <sup>2</sup>	0,00 €	941,94 €
8-OT	MARÍA DEL CARMEN ESTEBO MATO	152,29 m <sup>2</sup>	0,00 €	1.023,39 €
9-OT	MARÍA DEL CARMEN ESTEBO MATO	92,00 m <sup>2</sup>	461,28 €	618,24 €
10-OT	CONCEPCIÓN ARMESTO MOURIZ	60,51 m <sup>2</sup>	539,25 €	406,63 €
11-OT	ALFONSO RIBADAS BELLO	14,29 m <sup>2</sup>	0,00 €	96,03 €
12-OT	ALFONSO RIBADAS BELLO CARLOS RIBADAS ALARCÓN DIONISIO EMILIO RIBADAS ALARCÓN EMILIANO G RIBADAS ALARCÓN FRANCISCO JOSÉ RIBADAS LÓPEZ JOSÉ MARÍA RIBADAS ALARCÓN MARÍA AMALIA RIBADAS LÓPEZ MARÍA DOLORES RIBADAS ALARCÓN	222,49 m <sup>2</sup>	0,00 €	1.495,13 €
13-OT	GERARDO ANTONIO LOMBAO MOURIZ	152,15 m <sup>2</sup>		1.022,45 €
14-OT	MANUELA CONSUELO TRASEIRA RIVAS	77,97 m <sup>2</sup>	0,00 €	523,96 €
15-OT	MANUELA CONSUELO TRASEIRA RIVAS	101,70 m <sup>2</sup>	0,00 €	683,42 €
16-OT	ÁNGEL LÓPEZ ROMAY	160,08 m <sup>2</sup>	0,00 €	1.075,74 €
18-OT	JOSEFA LAMAS SANTOS ÁNGEL VÁZQUEZ PEREIRA	59,26 m <sup>2</sup>	0,00 €	398,23 €
20-OT	DOLORES MARÍA LUISA CEREIJO DÍAZ EMMA MARÍA MOURIZ CEREIJO JESÚS MOURIZ CEREIJO MANUEL MOURIZ CEREIJO	172,90 m <sup>2</sup>	0,00 €	1.161,89 €

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE OCUP. TEMP	VALORACIÓN BENS EXPR. OCUP. TEMP	VALORACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL
	MARÍA DOLORES MOURIZ CEREIJO			
21-OT	PEDRO RODRÍGUEZ LAMAS	168,89 m <sup>2</sup>	471,22 €	1.134,94 €
22-OT	JOSÉ FÓRNEAS ROCHA	87,69 m <sup>2</sup>	0,00 €	589,28 €
	MARÍA FELICIDAD FÓRNEAS ROCHA			
23-OT	JOSEFA LAMAS SANTOS	126,85 m <sup>2</sup>	0,00 €	852,43 €
	ÁNGEL VÁZQUEZ PEREIRA			
24-OT	ÁNGEL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	85,03 m <sup>2</sup>	0,00 €	571,40 €
	DOLORES MARÍA ÁLVAREZ VEIGA			
	HILDA VÁZQUEZ MÉNDEZ			
	ISOLINA MÉNDEZ FERNÁNDEZ			
	JOSÉ LUIS VÁZQUEZ YUGUEROS			
	JOSÉ RAÚL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ			
	M CARMEN VÁZQUEZ ÁLVAREZ			
	M SOLEDAD FERNÁNDEZ AMADO			
	ROSA MARÍA VÁZQUEZ ÁLVAREZ			
	ROSA MARÍA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ			
	ROSA MARÍA VÁZQUEZ MÉNDEZ			
27-OT	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	6,40 m <sup>2</sup>	363,17 €	43,01 €
	ROSA IRENA DÍAZ MAYOR			
	M FELICIDAD VÁZQUEZ CASTRO			

PARCELA	TITULARIDADE	SUPERFICIE OCUP. TEMP	VALORACIÓN BENS EXPR. OCUP. TEMP	VALORACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL
28-OT	HERDEIROS ÁNGEL A VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MANUEL VÁZQUEZ DÍAZ HERDEIROS MARÍA LUISA VÁZQUEZ DÍAZ JOSÉ ANTONIO NAVARRO VÁZQUEZ LUIS MIGUEL NAVARRO VÁZQUEZ MARÍA CARMEN VÁZQUEZ DÍAZ MARÍA DEL PILAR VÁZQUEZ DÍAZ MERCEDES VÁZQUEZ DÍAZ	76,74 m <sup>2</sup>	0,00 €	515,69 €
